

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E SERENIA SOLUTIONS S.L. PARA A PARTICIPACIÓN NO LIVING LAB DE SAÚDE DE VIGO DA REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA (LABSAÚDE), NO MARCO DO PROXECTO INNOV4LIFE DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde, a Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Serenia Solutions S.L. asinaron o 05.05.2026 o convenio arriba referido. A súa vixencia vai dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026, podendo prorrogarse por mutuo acordo entre as partes, con suxeición ao establecido no artigo 49.1.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre as partes en actividades de innovación aberta impulsadas polos usuarios a través do modelo Living Lab.

O proxecto de actuación de Serenia Solutions, S.L. consiste no desenvolvemento e validación dun asistente virtual intelixente para acompañamento emocional, estimulación cognitiva e apoio personalizado a persoas maiores, inicialmente sas (extensible a persoas con DCL, demencias iniciais ou trastornos emocionais, e os seus cuidadores). Trátase dunha ferramenta accesible que se adapta ao usuario, que emprega tecnoloxías de IA e machine learning para manter conversacións naturais e monitorizar cambios en emocións, linguaxe e patróns de uso, e que inclúe un módulo para cuidadores e profesionais para seguimento evolutivo de usuarias, con informes automáticos.

A duración prevista do presente proxecto establécese en 6 meses. No caso de que o recrutamento de pacientes/profesionais sanitarios ou a experimentación non finalicen nos respectivos prazos, as partes adoptarán de común acordo as disposicións que consideren oportunas, e de acordo coa cláusula décimo quinta do convenio, relativa á súa duración e entrada en vigor.

O detalle do proxecto seleccionado faise constar como Anexo I do convenio.

A participación consiste no uso do Living Lab e implica a posta á disposición de Serenia Solutions S.L. das instalacións do Living Lab de Vigo situadas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

(CHUVI) (Área sanitaria de Vigo do Servizo Galego de Saúde) para actividades de cocreación, codesenvolvemento, testeo, pilotaxe e validación do proxecto.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O artigo 131.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que a Administración sanitaria promoverá un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

A Resolución de 3 de marzo de 2020 puxo en marcha a Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (denominada LABSAÚDE). LABSAÚDE xorde como mecanismo facilitador para a creación e impulso de proxectos innovadores, nunha contorna na que interactúan múltiples axentes, co obxectivo último de dar resposta a necesidades reais detectadas no Sistema de Saúde de Galicia. A Rede continúa a súa expansión a través do proxecto INNOV4LIFE, ao abeiro do que se crea un novo Living Lab en Vigo, con sede no Hospital Meixoeiro.

O proxecto INNOV4LIFE está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa de Cooperación Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. O consorcio está formado por SERGAS, ACIS, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), AFAGA Alzheimer, en Galicia e a Santa Casa da Misericórdia de Riba D'Ave, o Parque de Ciencia e Tecnoloxía da Universidade de Porto (UPTEC) e a Universidade de Porto, en Portugal. Un dos obxectivos do proxecto Innov4life é a creación dun Living Lab transfronteirizo con sede en Galicia, en concreto nas instalacións do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) da área sanitaria de Vigo do Servizo Galego de Saúde; e en Portugal nas instalacións da Santa Casa da Misericórdia de Riba D'Ave, no concello de Vila Nova de Famalicão, co Centro de Investigación, Diagnóstico, Formación e Acompañamento das Demências (CIDIFAD).

A Resolución do 28 de xullo de 2025 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG Núm. 156 do 18 de agosto de 2025) publicou as Bases reguladoras do procedemento para a selección das entidades que participarán no Living Lab de Vigo da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE) no marco do proxecto Innov4life do Programa de cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, e convocouno para o ano 2025 (cód. de procedemento SA304F).

De conformidade co establecido no artigo 16 das ditas bases, o Conselleiro de Sanidade, como a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ditou Resolución definitiva aprobando a listaxe de proxectos seleccionados, excluídos e suplentes para participaren no Living Lab de Vigo da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia, o día 6 de febreiro de 2026.



Serenia Solutions, S.L., con CIF nº B75918300 resultou seleccionada para participar no Living Lab de Vigo da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia, co seu proxecto SERENIA - asistente IA para maiores.

A entidade Serenia Solutions, S.L. ten como obxecto o desenvolvemento e comercialización de solucións tecnolóxicas que melloren o benestar das persoas, en particular as do colectivo de persoas maiores. Serenia Solutions, S.L. é unha spin-off da Universidade de Vigo, entidade na cal se xenerou e posteriormente se tansferiu parte da I+D na que se basean as solucións de SERENIA. Actualmente, a I+D céntrase na mellora de modelos propios que permiten detectar indicios de diferentes tipos de dolencias relacionadas coas saúde emocional e cogntiva a partir de conversas naturais.

O artigo 17 da Resolución de 28 de xullo antedita establece o Convenio de colaboración como o instrumento marco para o desenvolvemento dos proxectos de I+D+i no Living Lab, concretando os pormenores da colaboración, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Este artigo permite que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, incluídas as administracións públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema nacional de saúde poidan subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo para a realización conxunta de, entre outras actividades, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación. A mesma habilitación para subscribir contratos ou convenios con outras entidades públicas e/ou privadas para realizaren proxectos específicos de investigación ou innovación, que permitan o desenvolvemento conxunto de novas solucións, servizos ligados ao coñecemento, tecnoloxías ou produtos sanitarios contense no artigo 131.4 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, respecto da Consellería competente en materia de sanidade e as súas entidades instrumentais. A sinatura do convenio resultaba imprescindible para a instalación da empresa no Living Lab.

Serenia Solutions, S.L. optou por correr cos gastos derivados do proxecto que sexan adicionais á normal actividade asistencial no centro sanitario.

A propiedade e xestión dos resultados derivados dos proxectos desenvolvidos no marco do Living Lab serán sempre da entidade participante.

Cada unha das partes comprométese a manter a confidencialidade dos datos que poda coñecer como consecuencia da súa instalación no Living Lab, e os obtidos no desenvolvemento dos proxectos instalados, así como a non difundir, baixo ningún concepto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que puidese ter acceso no desenvolvemento do presente Convenio, sempre que esas informacións non sexan de dominio público.





Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

